

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA DO PLENO. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023. CELEBRADA O 27.06.2019.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro  
D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral  
D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera  
D. Daniel Ríos Fernández  
D. Joshua Dopico López  
D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal  
D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro  
D. Andrés Pérez Pérez  
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro  
D. Luis Pena Mosquera  
D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil dezanove, xúntanse en sesión extraordinaria organizativa do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### A) SECCIÓN RESOLUTIVA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO: DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**



(Expediente TEdC: 2019/G006/000081)

Tendo en conta o comezo dun novo mandato corporativo 2019-2023, trala celebración das eleccións municipais o 26 de maio de 2019, o cal comporta a determinación de aspectos de natureza organizativa.

Considerando o disposto nos artigos 46.2.a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e artigos 38 a) e 78 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía Presidencia, en relación coa fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno Municipal, eleva ao Concello Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade mensual, agás no mes de agosto, celebrando as sesións ás 12.00 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes. No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde, previa consulta cos voceiros de todos os grupos municipais, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.

**TERCEIRO.-** O Pleno celebrará sesión extraordinaria, cando así o decida o Sr. Alcalde-Presidente, ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, de conformidade coa regulación contida no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

**CUARTO.-** O Pleno celebrará sesión extraordinaria urxente cando o convoque o sr. Alcalde-Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida polo artigo 46 da Lei de Bases do Réxime Local.

**QUINTO.-** Considerando que de conformidade co disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo referenciado. Así mesmo atendendo as atribucións encomendadas ó Pleno establecidas no artigo 23 do RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Considerando o establecido no artigo 64.5) da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997.

Visto que a teor do regulado no artigo 51.2) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o acordo plenario polo que se produza a delegación, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no "Boletín Oficial" da Provincia.

Esta Alcaldía, co fin de axilizar a tramitación e dar unha maior operatividade á actuación municipal, propón ao Pleno desta Corporación que adopte acordo no sentido de delegar na Xunta de Goberno Local do concello o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985,

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello."

No en tanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) apuntando que, os Plenos, volven ser polas mañás, en tanto que dende o seu grupo consideran que deberían ser en horario de tarde para que puidera asistir o público. Cualifica como inapropiada a hora establecida e que se deberían de celebrar a última hora da tarde ou a media tarde, como xa dixeron varias veces no anterior mandato. Conclúe a súa intervención indicando que non lles parece a hora máis apropiada.

De seguido, toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) que, en primeiro lugar, pregunta se se vai ser puntual para co inicio das sesións e sobre se existe razón xustificada para non ter sido iniciada puntualmente a presente. Dito isto, di que, sobre a periodicidade, mensual, dende o seu grupo non teñen inconvinte, considerando o horario inaceptable por varias razóns, xa que non propicia a asistencia da veciñanza ao que cualifica como o órgano colexiado máis importante do Concello, e que, ás doce, só pode asistir xente con poucas obrigas laborais, persoas xubiladas ou, outras con interese especial, sendo o lugar no que se tratan asuntos de interese real para a veciñanza. A proposta do BNG, di, é que os Plenos se celebren os xoves a partir das oito da tarde para favorecer a asistencia, tamén para os concelleiros e concelleiras que non teñen dedicacións e que teñen que pedir permiso no traballo, cargar o traballo a outros compañeiros ou abandonar o posto ás once da mañá. Cren que o horario proposto non favorece nin a transparencia nin a labor de oposición. Di que existe un goberno de primeira e de segunda, referíndose aos que teñen e non teñen dedicación. Sobre a delegación de competencias, di que o Pleno é o órgano máis importante, colexiado, no que están representados todos os grupos que representan á veciñanza e non na Xunta de Goberno local, onde só está representado un grupo, de onde as actas non van ser públicas, como non o foron ata agora. Considera que o lexislador delimita a delegación de competencias porque sabe que estas situacións, de deixar só as mínimas legais, se poden dar en gobernos con maioría absoluta. Conclúe a súa intervención indicando que se trata dunha medida moi restritiva para favorecer a transparencia e a participación da veciñanza.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro quen xustifica a proposta da celebración dos Plenos polas mañás entre outros motivos, polo funcionamento do



Concello, en tanto que o persoal municipal non ten que coller horas e hai máis persoal, polo volume de traballo.... Sobre o argumento da non asistencia por motivos laborais, di que parece que a xente só traballa polas mañás, en tanto que hai moita xente que traballa polas tardes e que, por tanto, habería tamén concelleiros de primeira e de segunda...xa que todos teñen dereito a vir aos plenos. Dito isto, indica que a asistencia dos Concelleiros e Concelleiras aos Plenos, responde a unha autoorganización laboral e que pola asistencia, se percibe unha indemnización, postos no peor dos casos para coas distintas situacións laborais. Considera non operativo poñer o Pleno a partir das oito e que xa houbo a proba de que poñéndoo ás sete non viña ninguén e que sempre ven a mesma xente, por sorte ou por desgracia, indica. Di entender os argumentos, se ben os considera perfectamente rebatibles, poñendo como exemplos concellos do BNG nos que os Plenos se celebran polas mañás: San Sadurniño, Zas...onde di, non queren coartar a participación. Considera que a celebración das sesións plenarias pola mañá ou pola tarde non asegura a afluencia de público, baseando este argumento na súa propia experiencia e que se propón que sexan pola mañá por operatividade, poñendo como exemplo o remate de certos prazos a cumprir para certos expedientes o mesmo día do Pleno e di que, os medios dos que se dispón son os que son...

Toma a palabra Dña. Rocío Souto Torre, concelleira do BNG que pide ao Alcalde que explique o da "autoorganización laboral", pregunta ao Sr. Alcalde se traballou na empresa privada, en tanto que di que hai moitos empresarios que non permiten ausentarse do traballo.

O Sr. Fernández Piñeiro di que o que quixo dicir é que a lei habilita aos concelleiros e concelleiras a acudir ao Concello, que si traballou na empresa privada e que tamén hai concelleiros/as que traballan polas tardes. Considera se trata de algo que hai que asumir cando se presentan como candidatos e candidatas.

D. Luis Pena Mosquera intervén dicindo que entre a transparencia e a operatividade, Bernardo elixe operatividade. Sobre o pagamento das asistencias ao persoal funcionario e que non hai cartos...xa se verá e que, sobre quen traballa polas mañás ou polas tardes...habería que facer unha estatística e decidir.

O Sr. Alcalde-Presidente di que non perde de vista que se traballa para a cidadanía e que a transparencia é secundario xa que o principal é prestar os servizos á cidadanía. Nega que dixese que non hai cartos se non que habería que pagarlles.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez que pensa que a maioría da xente ten máis facilidades para vir polas tardes que polas mañás. Sobre o de cobrar o non cobrar as asistencias, dáse que a carga de traballo repercute nos compañeiros. Recorda que no mandato anterior, dous dos concelleiros/as do seu grupo tíñanse que ir porque traballaban ou non asistían.

O Sr. Fernández Piñeiro di que tamén traballan polas tardes os do seu grupo e que, por tanto, o argumento é válido para todos.

D. Luis Pena Mosquera indica que o Sr. Fernández Piñeiro, no 2015 indicaba unha previsión de que pola mañá ía haber máis asistencia.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** das persoas membro do Grupo Municipal do **PSdG-PSOE**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal e D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras dos Grupos Municipais do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade mensual, agás no mes de agosto, celebrando as sesións ás 12.00 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes. No

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde, previa consulta cos voceiros de todos os grupos municipais, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.

**TERCEIRO.-** O Pleno celebrará sesión extraordinaria, cando así o decida o Sr. Alcalde-Presidente, ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, de conformidade coa regulación contida no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

**CUARTO.-** O Pleno celebrará sesión extraordinaria urxente cando o convoque o sr. Alcalde-Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida polo artigo 46 da Lei de Bases do Réxime Local.

**QUINTO.-** Considerando que de conformidade co disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo referenciado. Así mesmo atendendo as atribucións encomendadas ó Pleno establecidas no artigo 23 do RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Considerando o establecido no artigo 64.5) da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997.

Visto que a teor do regulado no artigo 51.2) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o acordo plenario polo que se produza a delegación, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no "Boletín Oficial" da Provincia.

Esta Alcaldía, co fin de axilizar a tramitación e dar unha maior operatividade á actuación municipal, propón ao Pleno desta Corporación que adopte acordo no sentido de delegar na Xunta de Goberno Local do concello o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO: CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**



A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

## **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

### **CREACIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**

(Expediente TEdC: 2019/G006/00082)

*Tendo en conta o comezo dun novo mandato corporativo 2019-2023, trala celebración das eleccións municipais o 26 de maio de 2019, o cal comporta a determinación de aspectos de natureza organizativa.*

*De conformidade có disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe e consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno, tendo todos os grupos políticos integrantes da Corporación dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos.*

*Visto que a teor do regulado nos artigos 66 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997, se constituirán Comisións de Estudo, Informe e Consulta en todos os municipios de máis de cinco mil habitantes, correspondendo ao Pleno a determinación do número e denominación das devanditas Comisións, as cales estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación. O número dos seus membros será proporcional á súa representatividade no Concello.*

*Visto que en virtude do establecido no artigo 212.1 da antedita Lei Autonómica, a periodicidade das sesións ordinarias das Comisións de Estudo, Informe e Consulta será determinada polo Pleno, sendo preceptiva, en todo caso, a reunión das devanditas Comisións con anterioridade ao pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, nos días e horas que estableza o Alcalde, segundo se sinala no artigo 134.1) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Visto que de conformidade con o disposto no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Comisión Especial de Contas, á que corresponde o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que debe aprobar o Pleno da Corporación, é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido ás demais Comisións Informativas.*

*Visto que en virtude do regulado no artigo 66 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997, a Comisión Especial de Contas estará constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación e o número de membros será proporcional á súa representatividade no Concello.*

*Considerando os parámetros de poboación, potencialidade económica e complexidade xurídico-administrativa deste Municipio, chégase á conclusión de que é necesaria a creación das Comisións Informativas de carácter permanente seguintes:*

*Comisión Informativa Especial de Contas, que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno (entre outros, incluíranse expedientes relativos a obras, servizos, urbanismo, industria, formación, réxime interior, emprego, participación cidadán e parroquias, e calquera outro competencia do Pleno propia ou delegada que requira ditame da Comisión informativa e non estea expresamente atribuída a outra Comisión informativa).*

*Comisión Informativa Permanente de servizos sociais, educación, deportes, comercio, turismo e cultura e xuventude parques e xardíns.*

*Consonte co disposto no artigo 125.b) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e de conformidade co disposto no artigo 68.5, en relación co 66.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia*

*Visto canto antecede, esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno da Corporación a adopción do ACORDO seguinte:*

**PRIMEIRO.-** *Crear a Comisión Informativa Especial de Contas, que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, que se comporá de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos: Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político BNG.*

**SEGUNDO.-** *Crear a Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, que se comporá de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos: Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político B.N.G.*

**TERCEIRO.-** *Crear a Comisión Informativa Permanente de servizos sociais, educación, deportes, comercio, turismo e cultura e xuventude parques e xardíns, que se comporá de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos: Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político B.N.G.*

**CUARTO.-** *Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno con carácter mensual e con anterioridade ao pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia. Ás sesións constitutivas das Comisións informativas asistirá, ademáis, o Sr. Alcalde-presidente, Presidente nato de todas elas, ao obxecto de proceder a formular a proposta de delegación da presidencia efectiva das mesmas.*

*Celebraranse como mínimo con tres días de antelación á sesión Plenaria ordinaria na que se vaian adoptar acordos previamente ditaminados pola Comisión Informativa Permanente, en día e hora que estableza o Alcalde Presidente ou Presidente de cada Comisión, quen poderán convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas.*

*A periodicidade mensual, poderá ser superior no caso de que no citado espazo de tempo non existan asuntos a tratar por algunha das comisións, extremo que deberá ser decidido polo Sr. Alcalde Presidente ou o Presidente da comisión de que se trate.*



*Convocaranse sesións extraordinarias a solicitude da cuarta parte, alomenos, dos membros da Comisión, de conformidade co disposto no artigo 134.1. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*A creación da Comisión Especial de Contas, composta por sete membros, na proporción da representación dos grupos políticos municipais na Corporación, consonte co disposto no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e de conformidade co disposto no artigo 66 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, celebrará sesión para o estudio e informe de todas as contas, orzamentarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.*

*Non en tanto, o Pleno acordará o que estime máis convinte.*

*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

O portavoz do Grupo Municipal do PP, D. Andrés Pérez Pérez di que, tratándose dunha cuestión de carácter organizativo, vanse abster, se ben consideran que a Comisión de Asuntos Xerais do Pleno vai abarcar moitos asuntos.

De seguido toma a palabra D. Luis Pena Mosquera. O portavoz do Grupo Municipal do BNG di que no punto anterior non se falou nada da delegación de competencias, entendendo que non é xustificada unha delegación tan grande, substraendo o coñecemento do Pleno, alegando unha cuestión de operatividade, cando o Alcalde pode convocar os Plenos cando queira. No que respecta á creación das comisións informativas, considera que non é a súa materia e que, por tanto, vanse abster.

O Sr. Fernández Piñeiro di que non se vai coartar o coñecemento por parte do Pleno, xa que se dará conta dos asuntos e tense acceso á información, en referencia á consulta dos decretos.

O Sr. Pena Mosquera pregunta se se van a publicar as actas da Xunta de Goberno na web.

O Sr. Fernández Piñeiro di que, igual que no mandato anterior, farase o que di a lei.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do **PSdG-PSOE**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal e D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das persoas que integran os Grupos Municipais do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Crear a Comisión Informativa Especial de Contas, que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, que se comporá de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos: Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político BNG.

**SEGUNDO.-** Crear a Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, que se comporá de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político B.N.G.

**TERCEIRO.-** Crear a Comisión Informativa Permanente de servizos sociais, educación, deportes, comercio, turismo e cultura e xuventude parques e xardíns, que se comporá de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos:

Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político B.N.G.

**CUARTO.-** Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno con carácter mensual e con anterioridade ao pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia.

As sesións constitutivas das Comisións informativas asistirá, ademais, o Sr. Alcalde-presidente, Presidente nato de todas elas, ao obxecto de proceder a formular a proposta de delegación da presidencia efectiva das mesmas.

Celebraranse como mínimo con tres días de antelación á sesión Plenaria ordinaria na que se vaian adoptar acordos previamente ditaminados pola Comisión Informativa Permanente, en día e hora que estableza o Alcalde Presidente ou Presidente de cada Comisión, quen poderán convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas.

A periodicidade mensual, poderá ser superior no caso de que no citado espazo de tempo non existan asuntos a tratar por algunha das comisións, extremo que deberá ser decidido polo Sr. Alcalde Presidente ou o Presidente da comisión de que se trate.

Convocaranse sesións extraordinarias a solicitude da cuarta parte, alomenos, dos membros da Comisión, de conformidade co disposto no artigo 134.1. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A creación da Comisión Especial de Contas, composta por sete membros, na proporción da representación dos grupos políticos municipais na Corporación, consonte co disposto no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e de conformidade co disposto no artigo 66 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, celebrará sesión para o estudio e informe de todas as contas, orzamentarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.

### **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ORGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**



(Expediente TEDeC: 2019/G006/00083)

Co comezo do mandato corporativo 2019-2023, se teñen que nomear os/as representantes nos distintos órganos colexiados dos que forma parte o Concello de Pontedeume.

De conformidade co disposto no artigo 38.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía Presidencia, en relación co nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados competencia do Pleno, propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do IES Breamo, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. Alcalde como suplente da anterior.

**SEGUNDO.**- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do IES Fragas do Eume, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. Alcalde como suplente da anterior.

**TERCEIRO.**- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público de Andrade, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. Alcalde como suplente da anterior.

**CUARTO.**- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público Couceiro Freijomil, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. Alcalde como suplente da anterior.

**QUINTO.**- Nomear representante do Concello na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol, a dona Raquel Caruncho Corral e como suplente ao Sr. Alcalde-presidente.

**SEXTO.**- Nomear como representante do Concello de Pontedeume nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ao Sr. Alcalde-presidente e como suplente a dona Raquel Caruncho Corral.

**SÉTIMO.**- Nomear como representante do Concello de Pontedeume na Xunta Reitora do Parque Natural Fragas do Eume ao Sr. Alcalde-Presidente e como suplente a D. José Simoes Couceiro.

**OITAVO:** Nomear como representante do Concello de Pontedeume no Grupo de Acción local de Pesca "Golfo Artabro Norte" ao Sr. Alcalde-presidente e como suplente a dona Ángela Piñeiro Carrera.

**NOVENO:** Nomear como representante do Concello de Pontedeume na "Asociación Seitura 22" a dona Yolanda Vázquez Busto e como suplente a dona Ángela Piñeiro Carrera.

**DÉCIMO:** Nomear como representante do Concello de Pontedeume na "Asociación de Concellos do Camiño Inglés" ao Alclade-presidente e como suplente a dona Yolanda Vázquez Busto.

**UNDÉCIMO.**- Nomear como representante do Concello de Pontedeume no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao Sr. Alcalde-Presidente e como suplente a Dna. Raquel Caruncho Corral.

Publicar íntegramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios de esta Entidade, así como comunicar ós órganos colexiados afectados os representantes municipais nomeados"

A Presidencia abre a quenda para o debate.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez quen anuncia que o voto do seu grupo vai ser a abstención por tratarse dunha cuestión organizativa.

O Sr. Pena Mosquera di que, non é a súa proposta, que non se lles consultou e que se van abster. Desexa sorte aos concelleiros e concelleiras, especialmente aos novos, nas súas encomendas e propón a Dna. Alejandra Bellón Tenreiro, como concelleira de educación a creación de camiños seguros e a Dna. Ángela como representante o Grupo *de Acción local de Pesca "Golfo Artabro Norte"* dea maior difusión á convocatoria de axudas.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** das concelleiras e concelleiros que integran do Grupo Municipal do **PSdG-PSOE**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal e D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das persoas que integran os Grupos Municipais do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Nomear representante do Concello no Consello Escolar do IES Breamo, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. Alcalde como suplente da anterior.

**SEGUNDO.-** Nomear representante do Concello no Consello Escolar do IES Fragas do Eume, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. Alcalde como suplente da anterior.

**TERCEIRO.-** Nomear representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público de Andrade, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. Alcalde como suplente da anterior.

**CUARTO.-** Nomear representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público Couceiro Freijomil, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. Alcalde como suplente da anterior.

**QUINTO.-** Nomear representante do Concello na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol, a dona Raquel Caruncho Corral e como suplente ao Sr. Alcalde-presidente.

**SEXTO.-** Nomear como representante do Concello de Pontedeume nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ao Sr. Alcalde-presidente e como suplente a dona Raquel Caruncho Corral.

**SÉTIMO.-** Nomear como representante do Concello de Pontedeume na Xunta Reitora do Parque Natural Fragas do Eume ao Sr. Alcalde-Presidente e como suplente a D. José Simoes Couceiro.

**OITAVO:** Nomear como representante do Concello de Pontedeume no Grupo de Acción local de Pesca "Golfo Artabro Norte" ao Sr. Alcalde-presidente e como suplente a dona Ángela Piñeiro Carrera.

**NOVENO:** Nomear como representante do Concello de Pontedeume na "Asociación Seitura 22" a dona Yolanda Vázquez Buste e como suplente a dona Ángela Piñeiro Carrera.



**DÉCIMO:** Nomear como representante do Concello de Pontedeume na "Asociación de Concellos do Camiño Inglés" ao Alcade-presidente e como suplente a dona Yolanda Vázquez Busto.

**UNDÉCIMO.-** Nomear como representante do Concello de Pontedeume no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao Sr. Alcalde-Presidente e como suplente a Dna. Raquel Caruncho Corral.

#### **4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO: DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

##### **"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

##### **DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**

*(Expediente TEdC: 2019/G006/00084)*

*Tendo en conta o comezo dun novo mandato corporativo 2019-2023, trala celebración das eleccións municipais o 26 de maio de 2019, o cal comporta a determinación de aspectos de natureza organizativa.*

*Para dar cumprimento ao disposto ao abeiro do disposto no artigo 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.-** *As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontedeume, se celebren cunha periodicidade quincenal os xoves, ás 13:00 horas na Casa do Concello, tendo lugar a primeira o día 11.07.2019.*

*No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase sesión ordinaria o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.*

**SEGUNDO.-** *Facultar ao sr. Alcalde, previa consulta cos membros da Xunta de Goberno local, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.*

*Non en tanto, o Pleno acordará o que estime máis convinte.*

*Documento asinado electrónicamente na data de sinatura do mesmo, polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro."*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

D. Andrés Pérez Pérez anuncia a abstención do seu grupo.

D. Luis Pena Mosquera di que non é a súa proposta, que se van abster.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** das persoas membro do Grupo Municipal do **PSdG-PSOE**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Fachal e D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** dos concelleiros e concelleiras dos Grupos Municipais do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Ponte deume, se celebren cunha periodicidade quincenal os xoves, ás 13:00 horas na Casa do Concello, tendo lugar a primeira o día 11.07.2019.

No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase sesión ordinaria o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.

**SEGUNDO.**- Facultar ao sr. Alcalde, previa consulta cos membros da Xunta de Goberno local, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.

### 5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO: APROBACIÓN DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS DOS/AS MEMBROS CORPORATIVOS.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

#### **INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ORGANOS COLEXIADOS DOS MEMBROS CORPORATIVOS. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**

(Expediente TEdC: 2019/G006/00085)

*Por parte desta Alcaldía, unha vez estruturada a composición das Comisións Informativas Permanentes, Xuntas de Goberno e Pleno, á vista da do informe da intervención municipal nº 150/2019 de data 20/06/2019 proponse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**,*

**PRIMEIRO.**- Todos os/as membros/as da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

- A.- Por asistencia a Plenos: 90,00 euros
- B.- Por asistencia a Xunta de Goberno: 50,00 euros
- C.- Por asistencia a Comisións Informativas: 50,00 euros

**SEGUNDO.**- Aqueles membros/as da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe



establecido para o grupo 1 no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

**TERCEIRO.**- Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias dos/as membros/as da Corporación Local, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Non en tanto, o Pleno acordará o que estime máis convinte.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

D. Andrés Pérez Pérez anuncia a abstención do seu grupo.

D. Luis Pena Mosquera di que non é a súa proposta, que se van abster.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que, como Alcalde, renunciará a cobrar as indemnizacións por asistencias.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** das concelleiras e concelleiros que integran do Grupo Municipal do **PSdG-PSOE**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal e D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das persoas que integran os Grupos Municipais do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Todos os/as membros/as da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos: 90,00 euros.

B.- Por asistencia a Xunta de Goberno: 50,00 euros.

C.- Por asistencia a Comisións Informativas: 50,00 euros.

**SEGUNDO.**- Aqueles membros/as da Corporación que realicen comisións de servicio fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo 1 no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

**TERCEIRO.**- Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias dos/as membros/as da Corporación Local, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local.

## **6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO: DOTACIÓN ECONÓMICA DE GRUPOS POLÍTICOS.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

#### DOTACIÓN ECONÓMICA DE GRUPOS POLÍTICOS. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.

(Expediente TEdC: 2019/G006/00090)

Por parte desta Alcaldía, unha vez constituídos os Grupos Políticos Municipais, de conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, á vista da do informe da intervención municipal nº 155/2019 de data 24/06/2019 proponse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**,

**PRIMEIRO.-** O Pleno da Corporación asigna aos grupos políticos a seguinte dotación económica:

- Unha cota fixa anual a cada grupo político de 900 €.
- Unha cota anual variable de 300 € por cada un dos membros de cada grupo político

**SEGUNDO.-** Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación o contido do presente acordo.

Non entanto, o Pleno acordará o que estime máis convinte.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

D. Andres Pérez Pérez di que non ten nada que dicir ao respecto.

D. Luis Pena Mosquera di que non é a súa proposta e anuncia a abstención do seu grupo.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do **PSdG-PSOE**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal e D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das persoas que integran os Grupos Municipais do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** O Pleno da Corporación asigna aos grupos políticos a seguinte dotación económica:

- Unha cota fixa anual a cada grupo político de 900 €.
- Unha cota anual variable de 300 € por cada un dos membros de cada grupo político



**SEGUNDO.-** Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación o contido do presente acordo.

**7.º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO: RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**RELACIÓN DE CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E DEDICACIÓN PARCIAL. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023**

*(Expediente TEdC: 2019/G006/000086)*

Logo de que por Decreto de Alcaldía nº 373/2019 de 19.06.2019, se resolveu, entre outros, outorgar as delegación especiais relativas a servizos, en Concelleiros/as.

Á vista do contido do informe da intervención municipal de data 151/2019, asinado dixitalmente o 20/06/2019,

En aplicación do artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais, que fixan o réxime de retribucións e compatibilidades, propónse ao Pleno a adopción do seguinte:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente a concellería delegada dos servizos sociais, sanidade, igualdade e parques e xardíns.

**SEGUNDO.-** Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente á concellería delegada de turismo, formación e emprego e novas tecnoloxías.

**TERCEIRO.-** Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente á concellería delegada dos servizos de vías e obras, economía, facenda e especial de contas e industria.

**CUARTO.-** Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 85%, cunha xornada laboral semanal de 31,8 horas, o cargo correspondente á concellería delegada de cultura, comercio e promoción económica.

**QUINTO.-** Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 65%, cunha xornada laboral semanal de 24,3 horas, o cargo correspondente a concellería delegado de deportes, xuventude e participación cidadá.

**SEXTO.-** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro/a da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos sociais, sanidade, igualdade e parques e xardíns, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**SÉPTIMO:** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro/a da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos sociais, sanidade, igualdade e parques e xardíns, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**OITAVO.-** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos de vías e obras, economía, facenda e especial de contas e industria, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos

**NOVENO:** Fixar como retribución bruta anual pola dedicación parcial do 85% da xornada para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos de cultura, comercio e promoción económica, a cantidade de vinte e dous mil catrocentos noventa e un euros, 22.491,00 €, pagadera en catorce mensualidades, e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**DECIMO.-** Fixar como retribución bruta anual pola dedicación parcial do 65% da xornada, para o/a membro que desempeñe o cargo da Concellería delegada de deportes, xuventude e participación cidadá, a cantidade de dezasete mil cento noventa e nove euros, 17.199,00 €, pagadera en catorce mensualidades, e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo de outras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.

Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

**UNDECIMO.-** Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta, dos concelleiras/os con delegacións especiais aos que se lles fixa dedicacións exclusivas e dedicacións parciais por medio do presente acordo, con efectos da data de aprobación, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

**DUODÉCIMO.-** Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de



Transparencia o acordo do Pleno, aos efectos de seu xeral coñecemento.”

Detectado un erro no contido da proposta de acordo, a Secretaria da lectura á **EMENDA** á proposta anterior, que de seguido se transcribe:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

#### EMENDA Á PROPOSTA DE RELACIÓN DE CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E DEDICACIÓN PARCIAL. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023

(Expediente TEdC: 2019/G006/000086)

*Téndose detectado un erro de transcripción na proposta relativa a “Relación de cargos da corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e dedicación parcial. Mandato Corporativo 2019-2023” en tanto que, no punto sétimo da proposta de acordo:*

Onde di:

**“SÉPTIMO:** *Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos sociais, sanidade, igualdade e parques e xardíns, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.”*

Debe dicir:

**“SÉPTIMO:** *Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada de turismo, formación e emprego e novas tecnoloxías, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.”*

Esta Alcaldía propón a **EMENDA** do dito erro, quedando a **PROPOSTA DE ACORDO** redactada como segue:

*“Logo de que por Decreto de Alcaldía nº 373/2019 de 19.06.2019, se resolveu, entre outros, outorgar as delegación especiais relativas a servizos, en Concelleiros/as.*

*Á vista do contido do informe da intervención municipal de data 151/2019, asinado dixitalmente o 20/06/2019,*

*En aplicación do artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais, que fixan o réxime de retribucións e compatibilidades, propónse ao Pleno a adopción do seguinte:*

**PRIMEIRO.-** *Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente a concellería delegada dos servizos sociais, sanidade, igualdade e parques e xardíns.*

**SEGUNDO.-** *Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente á concellería delegada de turismo, formación e emprego e novas tecnoloxías.

**TERCEIRO.-** Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente á concellería delegada dos servizos de vías e obras, economía, facenda e especial de contas e industria.

**CUARTO.-** Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 85%, cunha xornada laboral semanal de 31,8 horas, o cargo correspondente á concellería delegada de cultura, comercio e promoción económica.

**QUINTO.-** Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 65%, cunha xornada laboral semanal de 24,3 horas, o cargo correspondente a concellería delegado de deportes, xuventude e participación cidadá.

**SEXTO.-** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos sociais, sanidade, igualdade e parques e xardíns, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**SÉPTIMO:** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada de turismo, formación e emprego e novas tecnoloxías, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**OITAVO.-** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos de vías e obras, economía, facenda e especial de contas e industria, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos

**NOVENO:** Fixar como retribución bruta anual pola dedicación parcial do 85% da xornada para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos de cultura, comercio e promoción económica, a cantidade de vinte e dous mil catrocentos noventa e un euros, 22.491,00 €, pagadera en catorce mensualidades, e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**DECIMO.-** Fixar como retribución bruta anual pola dedicación parcial do 65% da xornada, para



*o/a membro que desempeñe o cargo da Concellería delegada de deportes, xuventude e participación cidadá, a cantidade de dezasete mil cento noventa e nove euros,17.199,00 €, pagadera en catorce mensuralidades, e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.*

*Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo de outras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.*

*Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

**UNDECIMO.-** *Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta, dos concelleiras/os con delegacións especiais aos que se lles fixa dedicacións exclusivas e dedicacións parciais por medio do presente acordo, con efectos da data de aprobación, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.*

**DUODÉCIMO.-** *Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia o acordo do Pleno, aos efectos de seu xeral coñecemento.*

*Non en tanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno."*

*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe."*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Intervén en primeiro lugar D. Andrés Pérez Pérez que di que o primeiro que lle sorprende é que nin o Alcalde nin o Tenente de Alcalde teñen dedicación exclusiva e pregunta polas razóns.

O Sr. Fernández Piñeiro di que iso non é materia de Pleno.

Continuando coa súa intervención, o Sr. Pérez Pérez di que o segundo sorprendente é o incremento en materia de dedicacións exclusivas con respecto a 2015, que aumentan practicamente en 60 mil euros ao longo do ano. Considera que, se ben se cumpre coa lei, ante diante da situación económica actual de todos os veciños e veciñas, non é unha cousa boa para este concello ese incremento e que, agora entenden por que a maioría dos concelleiros non terá problema para asistir aos Plenos. Cualifica a proposta como inaceptable en todos os termos e fai referencia a unha proposta que trouxo o PSOE ao Pleno no 2014, no que propoñían, ante a situación de recortes e situación da veciñanza, que o aforro do acordo se dedique a poñer en marcha un plan de emerxencia, 22 mil euros de contía por concelleiros, que eran tres e que agora, sorprenden con tres dedicacións exclusivas e dúas parciais, que di, non entenden e propón unha explicación.

De seguido, D. Luis Pena Mosquera di que, primeiro, a postura do BNG é moi clara; que a profesión de político ten que estar pagada, ben pagada, con diñeiro público e con transparencia; segundo: que non vale utilizar o diñeiro público para comprar vontades, votos...e terceiro, que é bastante difícil de comunicar á veciñanza que nun pleno organizativo se furete información sobre canto vai cobrar o Alcalde e o Tenente de Alcalde, e de quen van cobrar. Di que o lóxico sería que o Concello lle pagara ao Alcalde e o Tenente de Alcalde e que fora a este a quen rendiran contas. Fai referencia a que o Alcalde, no 2015, como unha das primeiras

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

accións, propoñía a redución dos salarios.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro comeza a súa intervención dicindo que ás veces, en política, cometemos o erro de crees que nos mesmos somos os representantes dos cidadáns. Indica que este é un Pleno no que se decide quen cobra, sobre quen non cobra, no seu momento, dará as explicacións que teña que dar, de ser o caso; que non é el o único representante da cidadanía nin este é o único instrumento e que o debate que se propón non atinxe ao concello e que non está na orde do día. Sobre o que dicían no ano 2015, cumpríuno, e que no 2019, nos actos de campaña, públicos, xa dixo que era partidario de que houbera máis concelleiros e concelleiras con dedicación xa que entre 3 persoas é imposible poder asumir o traballo e que, para acadar mellores resultados na xestión era necesario ter máis xente. Remítese á porcentaxe de apoios da poboación (64%) nas eleccións. Defende o incremento destes postos baseándose no volume de traballo e nas restricións legais para a contratación de persoal municipal por parte do Ministerio e que os Concelleiros están asumindo funcións que non lles corresponderían no caso de que houbera persoal suficiente. En contestación ás intervencións dos membros da oposición, di que van cobrar 26 mil euros netos ao mes, 4000 euros menos do que cobraba o concelleiro con dedicación exclusiva do goberno do PP e indica que no 2003, o último concelleiro do BNG con dedicación exclusiva, no ano 2003, hai 16 anos, tiña un salario de 37 mil euros brutos, non habendo crítica por parte do BNG a eses salarios, sumando as dúas dedicacións exclusivas, coa do Alcalde, sumaban 81 mil euros, o mesmo que no 2011 o PP con dúas dedicacións exclusivas e unha dedicación parcial. Di que no 2019, o total das dedicacións ascende a 119 mil euros e que con só 30 mil euros máis vai haber máis persoas traballando para este Concello. Defende o traballo dos concelleiros e concelleiras en tanto que as horas das dedicacións parciais non se corresponden co traballo diario, á vista que o horario laboral vai ser moi amplo, o que vai repercutir na veciñanza.

De seguido intervén D. Andrés Pérez Pérez, o portavoz do Grupo Municipal do PP di que espera que o Alcalde traballe onde traballe, se traballa, que teña o concello debidamente atendido. Apunta que a diferenza respecto de 2011, hai unha diferenza de preto de 40 mil euros e de 60 mil respecto ao 2015, cando o Concello segue a ter os mesmos orzamentos, polo que o considera excesivo.

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera quen di, vai repetir a proposta. Que cren que o traballo político ten que estar pagado e ben pagado; que non vale comprar vontades da xente con cartos públicos. Que furta a este Pleno o saber de quen vai pagar ao Alcalde ou ao Tenente de Alcalde e cando diñeiro cobran, o que considera unha medida importante de transparencia cara a veciñanza se ben, outra cousa é que decidan non contalo e ao saír do Pleno non se poda dar esta información. Sobre os importes das dedicacións exclusivas, que no 2015 eran 66800 euros para cargos do goberno, e que agora, a masa salarial, con diñeiro público, dos concelleiros e concelleiras con dedicación exclusiva ou parcial é de 120 mil euros, sen contar o salario do Alcalde, que estima en 50 mil euros mais 26 mil o do Tenente de Alcalde, que cifra nun total de 195 mil euros.

O Sr. Alcalde-Presidente intervén cualificando a intervención do portavoz do BNG como vergonzosa. Di que o Sr. Pena tamén cobra dunha administración pública, ao igual que o Sr. Pérez, polo que tamén habería que ver canto cobran e así facer tamén a suma. Cualifica a intervención do portavoz do BNG como unha aberración e demagogia, sumando salarios que descoñece...Di que xa sabe por onde vai cando pregunta saber a orixe do salario do Alcalde e



que non hai ningún problema para iso se ben di que lle gustaría que lle explicara o que quixo dicir con "comprar vontades con diñeiro público"...que di non entender.

D. Luis Pena Mosquera pregunta ao Alcalde se non está de acordo.

O Sr. Fernández Piñeiro pregunta ao Sr. Pena: está de acordo en que non se roube diñeiro público? Logo da resposta afirmativa do portavoz do BNG, o Sr. Alcalde considera que se nomea unhas cousas e outras non e di que lle gustaría saber por que fai referencia a iso...

D. Bernardo Fernández Piñeiro, ante a pregunta do portavoz do BNG di que polo cargo de Alcalde, con cargo aos orzamentos municipais, non vai cobrar.

D. Luis Pena Mosquera di que a pregunta do BNG, pedindo que conste en acta, é canto vai cobrar o Alcalde e o Tenente de Alcalde de diñeiro público? E se o Alcalde e o Tenente de Alcalde van ter dedicación exclusiva ao Concello.

O Sr. Fernández Piñeiro responde que el como Alcalde nin o Tenente de Alcalde van cobrar deste Concello, que é ata onde el se debe. O resto, di, depende doutro plano (privado) que non ten que ver con este, non sendo competencia do Pleno e menos moito menos do Sr. Pena.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta emendada, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **8 votos a favor** das concelleiras e concelleiros que integran do Grupo Municipal do **PSdG-PSOE**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal e D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 votos en contra** das persoas que integran os Grupos Municipais do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente a concellería delegada dos servizos sociais, sanidade, igualdade e parques e xardíns.

**SEGUNDO.-** Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente á concellería delegada de turismo, formación e emprego e novas tecnoloxías.

**TERCEIRO.-** Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal de 37,5 horas, o cargo correspondente á concellería delegada dos servizos de vías e obras, economía, facenda e especial de contas e industria.

**CUARTO.-** Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 85%, cunha xornada laboral semanal de 31,8 horas, o cargo correspondente á concellería delegada de cultura, comercio e promoción económica.

**QUINTO.-** Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 65%, cunha xornada laboral semanal de 24,3 horas, o cargo correspondente a concellería delegado de deportes, xuventude e participación cidadá.

**SEXTO.-** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos sociais, sanidade, igualdade e parques e xardíns, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**SÉPTIMO:** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada de turismo, formación e emprego e novas tecnoloxías, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**OITAVO.-** Fixar como retribución bruta anual para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos de vías e obras, economía, facenda e especial de contas e industria, a cantidade de vinte e seis mil catrocentos sesenta euros – 26.460,00 € cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos

**NOVENO:** Fixar como retribución bruta anual pola dedicación parcial do 85% da xornada para o/a membro da Corporación que desempeñe o cargo da Concellería delegada dos servizos de cultura, comercio e promoción económica, a cantidade de vinte e dous mil catrocentos noventa e un euros, 22.491,00 €, pagadera en catorce mensualidades, e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

**DECIMO.-** Fixar como retribución bruta anual pola dedicación parcial do 65% da xornada, para o/a membro que desempeñe o cargo da Concellería delegada de deportes, xuventude e participación cidadá, a cantidade de dezasete mil cento noventa e nove euros, 17.199,00 €, pagadera en catorce mensualidades, e que experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo de outras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.

Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

**UNDECIMO.-** Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta, dos concelleiras/os con delegacións especiais aos que se lles fixa dedicacións exclusivas e dedicacións parciais por medio do presente acordo, con efectos da data de aprobación, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

**DUODÉCIMO.-** Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de



Transparencia o acordo do Pleno, aos efectos de seu xeral coñecemento.

## B) SECCIÓN DE CONTROL

**8º.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS ASÍ COMO DO NOMEAMENTO DOS SEUS INTEGRANTES E VOCEIROS/AS, SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 25 DO RD 2568/1986 E 75 DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS ASÍ COMO DO NOMEAMENTO DOS SEUS INTEGRANTES E VOCEIROS, SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 25 DO RD 2568/1986 E 75 DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023**

(Expediente TEdC: 2019/G006/000088)

*Dáse conta pola Secretaria da constitución dos grupos municipais, dentro do prazo de cinco días hábiles contidos nos artigos 74 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (en adiante LALG) e artigo 24 do ROF, no que se desinan voceiros de grupo e suplentes daqueles:*

*Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** Nº de rexistro de entrada 201999900000274 do 19 de xuño de 2019. Voceiro, Don. Luis Pena Mosquera, sendo suplente Dona. Rocío Souto Torre.*

*Grupo municipal do **Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)**. Nº de rexistro de entrada 201900000002529 do 21 de xuño de 2019. Portavoz, Don José Simoes Couceiro, sendo suplente: Don Daniel Ríos Fernández.*

*Grupo municipal do **Partido Popular (PP)**. Nº de rexistro de entrada 201900000002538 do 21 de xuño de 2019. Voceiro, Don Andrés Pérez Pérez, sendo suplente: Don Santiago José Rodríguez Piñeiro.*

*Documento asinado dixitalmente por Dna. Marta Cajide Barbeito, Secretaria do Concello de Pontedeume e polo Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro na data da sinatura electrónica.”*

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

**9º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA, DE NOMEAMENTOS DE TENENTE DE ALCALDE, DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL E COMPETENCIAS DELEGADAS POR ALCALDÍA; E DE DELEGACIÓNS ESPECIAIS EN CONCELLEIROS/AS.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA, DE NOMEAMENTOS DE TENENTE DE ALCALDE, DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL E**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### COMPETENCIAS DELEGADAS POR ALCALDÍA; E DE DELEGACIÓNS ESPECIAIS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.

(Expediente TEdC: 2019/G006/000087)

Dase conta das resolución de Alcaldía, as seguintes:

**- Decreto nº 372/2019 de 19/06/2019: EXPEDIENTE DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MANDATO CORPORATIVO 2019-2013.PERIODICIDADE DE SESIÓNS E COMPETENCIAS.**

**“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MANDATO CORPORATIVO 2019-2013.PERIODICIDADE DE SESIÓNS E COMPETENCIAS.**

#### EXPEDIENTE Nº 2019/G003/000421

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 26 de maio de 2019.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Corresponde ao alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno; no uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Constituír a Xunta de goberno local, órgano colexiado municipal de carácter resolutivo, presidida por esta Alcaldía, que quedará integrada polos concelleiros/as seguintes, (4) número non superior ao tercio do número legal dos que integran a Corporación:

Presidente: D. Bernardo Fernández Piñeiro

Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros e concelleiras:

- D. José Simoes Couceiro



- D. Daniel Ríos Fernández

- Dna. Manuela García Fachal

- Dna. Alejandra Bellón Tenreiro

**SEGUNDO.**- A Xunta de goberno local celebrará as súas sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación

**TERCEIRO.**- A Xunta de goberno local, que ten como competencia básica a de dar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, terá, por delegación, as facultades de xestión e resolución de tódolos asuntos comprendidos no seguinte ámbito de competencia ou atribucións, a saber:

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

- A aprobación dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- O outorgamento de licenzas urbanísticas de obras maiores non sometidas ao réxime de comunicación previa, licenzas de primeira ocupación/utilización, licenzas de segregación ou parcelación, licenzas de actividade.

- A ratificación das cesións urbanísticas.

- Os expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.

- A resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal que sexan competencia de alcaldía.

**CUARTO.** - Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ás persoas interesadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**QUINTO.** - Quedan sen efecto os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido do presente decreto.

**SEXTO.**- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

**- Decreto nº 373/2019 de 19/06/2019: EXPEDIENTE DE DELEGACIÓNES ESPECIAIS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**

**"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE DELEGACIÓNES ESPECIAIS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023**

**EXPEDIENTE Nº 2019/G003/000423**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 26 de maio de 2019.

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 23.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Outorgar as delegacións especiais relativas ós servizos que se indican aos seguintes concelleiros/as, entendendo que en aplicación do artigo 43.5, b) do RD 2568/1986 de 28 de novembro, a delegación especial relativa a un determinado servizo comprende a dirección interna, e xestión do servizo correspondente, pero sen capacidade resolutive mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que en todos os casos competen á alcaldía, e sobre as que, en todo caso, se exclúen da delegación as facultades de autorización, disposición de gasto, recoñecementos de obrigas e a de ordenación de pagamentos derivados das xestións dos servizos encomendados:

**Don José Simoes Couceiro:**

Servizos

Medio Ambiente

Réxime Interior



**D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral**

*Servizos sociais*

*Sanidade*

*Igualdade*

*Parques e Xardíns*

**D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto**

*Turismo*

*Formación e Emprego*

*Novas Tecnoloxías*

**D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera**

*Cultura*

*Comercio*

*Promoción Económica*

**Don Daniel Ríos Fernández**

*Vías e Obras*

*Economía, Facenda e Especial de Contas*

*Industria*

**Don Joshua Dopico López**

*Deportes*

*Xuventude*

*Participación Cidadá*

**D<sup>a</sup> Manuela García Fachal**

*Parroquias*

**D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro**

*Educación*

*O ámbito de actuación a que se refiren as delegacións, será o correspondente a todo o termo municipal.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Alcalde, responsable directo da área de presidencia, terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais.

**SEGUNDO.** - Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido da presente resolución.

A Alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas. Tamén poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

**TERCEIRO.** - Dar conta ao Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre, notificar ós interesados para a aceptación expresa das delegacións encomendadas, ou tácita no seu caso, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación polos interesados.

O presente decreto será publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

De acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

**- Decreto nº 380/2019 de 19/06/2019: EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**

**"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.**

**EXPEDIENTE Nº 2019/G003/000424**



**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

*Nomeados os membros da Xunta de Goberno Local, por Decreto desta Alcaldía nº 372/2019 de data 19.06.2019 corresponde ao Alcalde designar libremente aos Tenentes de Alcalde de entre os membros da citada Xunta de Goberno Local, e visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;*

*Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente **RESOLVO**:*

**PRIMEIRO.-** Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros membros da Xunta de Goberno Local:

*1º Tenente de Alcalde: D. José Simoes Couceiro.*

*2º Tenente de Alcalde: D. Daniel Ríos Fernández.*

*3º Tenente de Alcalde: Dna. Manuela García Fachal.*

*4º Tenente de Alcalde: Dna. Alejandra Bellón Tenreiro.*

**SEGUNDO.-** *Corresponde aos nomeados, polo mesmo orde, substituírenme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde.*

**TERCEIRO.-** *Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, Dª Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."*

*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe."*

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e doce minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

